

Novas Tironio

Xornal galego da Área Metropolitana de Vigo

ANO 4 | Edición nº 43 | Xuño de 2019 | PRECIO 2 EUROS

Agárdanse máis de 200
participantes no Triatlón
Concello de O Porriño

Páxina 3

O Festival de Cans
marcou o seu récord
histórico de público con
15.000 asistentes

Páxina 6

Convocado Concurso de
Ideas para a Fronte
Fluvial de Tui

Páxina 12

Comezan as reunións
para a formación de
goberno na Guarda

Páxina 14

Aser Álvarez González,
Premio Johán Carballeira
de Xornalismo

Páxina 16



Marcos Besada abandona e apunta a Loli Castiñeiras para sucederlle

Páxina 5



LOURIÑA

O PORRIÑO

O rio Louriña baixa revoltó

Por Guillermo Rodríguez

Nos tres concellos da Louriña : Mos, O Porriño e Salceda de Caselas , producíronse cambios importantes. Se comezamos por Mos temos que dicir que a Alcaldesa foi quen de superar a vaga negativa do seu partido e conseguir una maioría estable para seguir gobernando sen medos nen atrancos.

En canto a O Porriño a cousa xa se presenta máis complicada. A actual alcaldesa en función viuse superada polo PP que acadou 8 concelleiros contra 4; resultado moi raquítico que a obriga a pactar a esquerda e a dereita. Será quen de facelo? A chave tena a UDDL de Carrera que vai ter

que facer de tripas corazón para decidir se lle da a alcaldía ao PP ou se apoia a actual alcaldesa , sempre que conte cos apoios de BNG e SONEC. Todo moi confuso para sacar conclusións.

En Salceda o Louriña levouse por diante ao actual Alcalde. Viuse superado polo PP (6) cando o seu grupo Manifesto Salceda so acadou 4 concelleiros. Os socialistas fixéronse con tres actas que son claves para poder gobernar dende a esquerda. É de esperar que se entendan para non darlle o goberno ao PP en minoría, cousa que orixinaria una loita política complicada entre seis actas do goberno e sete da oposición.

Mos



O Porriño



Salceda de Caselas



■ PP ■ Psoc ■ BNG ■ MS ■ Gañamos ■ Son EC ■ UDDL

Marcos Besada, alcalde en funcións, xa anunciou públicamente que non pensa recoller a acta como concelleiro

elixido. Propón á compañeira de partido Loli Castiñeira para que o substitúa. En poucos días teremos novidades.

Concello e Maier Ferroplast firmaron un convenio para o fomento da incorporación laboral

Dende o pasado xaneiro, ó longo dos cinco meses transcurridos, o programa "Porriño Accede" que se desenrola por terceiro ano consecutivo, fomentou a incorporación ó mercado de traballo en empresas da cidade e da bisbarra. Segundo o balanço feito pola Concellería de Emprego, 65 foron as persoas seleccionadas para recibir formación das cales 26 firmaron xa un contrato de traballo no que leva de ano e outras 19 realizan prácticas durante o mes de maio con expectativas de inserción, en distintas empresas do Porriño.

Para a formación desas persoas, realizáronse dúas edicións de produción industrial e manexo de carretilla elevadora, prevención de riscos laborais no sector da automoción, soldadura MIG MAG, Lean Manufacturing, Ponte-grúa e Inxección de Plásticos.



Fixéronse 12 convenios de colaboración asinados entre o tecido empresarial e o Concello de Porriño que permitiron a un total de 42 aspirantes formarse nas empresas para acceder a unha oportunidade de traballo.

Nese contexto a empresa Maier Ferroplast Sociedad Cooperativa Galega asinou un acordo de colaboración co Concello do Porriño na procura de formar 7 persoas en situación de desemprego cara a súa posible incorpo-

ración na compañía, segundo establece o convenio que suscribiron a alcaldesa Eva García mailo director da pranta, José Antonio Lima. Despois da firma, realizouse unha visita ás instalacións da factoría que téñen da orde de 250 operario, cunha facturación de 337 millóns de euros. Adicase á fabricación de pezas plásticas para o automóbil tendo por principal cliente a PSA-Citroën e outros fabricantes asentados en España.

O Concello encarga á empresa "Rentokil" a loita biolóxica contra a presenza masiva de pombas



O Concello de Porriño, ante a petición xeralizada de taxistas, locais de hostalería e moitas comunidades de veciños de edificios do centro urbano, vén de contratar á empresa "Rentokil" para controlar a poboación de pombas mediante métodos de loita biolóxica. A empresa que ten sede no polígono porriñés da Granxa, está a expensas da autorización da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia para iniciar as labores de trampeo que deberán alongarse durante un ano, a través de accións mensuais.

Polas estimacións dos técnicos de "Rentokil", uns 300 exem-

plares compoñen a poboación de pombas que actualmente hai no centro urbano da cidade, segundo a explicación que representantes da firma deron ós concelleiros do goberno municipal, Lourdes Moure e Orlando Marquez.

A colocación de xaulas para a captura destes animais realizarase no edificio de "Instalauto", o carón da Praza da Central; e tamén no edificio do Concello, en praza Arquitecto Antonio Palacios. En ambos os dous comprobouse que as pombas colocan os seus niños e polo tanto se concentran en eles a meirande parte destas aves.

O PORRIÑO

Agárdanse máis de 200 participantes no Triatlón Concello de O Porriño

As estimacións da organización apuntan que a sexta edición do Triatlón Concello de Porriño que se celebrará o vindeiro 8 de xuño, superará os 200 participantes, á vista de que hoxe en día hai máis de 150 inscricións feitas. A inscrición estará aberta ata o 4 de xuño, é dicir, ata catro días antes da proba. Lembrar que se trata da sexta edición porque en 2018 non chegou a celebrarse ó decretarse a suspensión da mesma ó coincidir coa explosión de material pirotécnico en Paramos (Tui).

O tramo de natación de 750 metros, desenrolase no Miño, onde a Comandancia de Mariña en Tui; o tramo de bici é de 20 kilómetros e rematará na avenida Domingo Bueno e despois o tramo de carreira a pé discurrirá polo centro histórico de Porriño ó longo de 5 kms con meta na praza Arquitecto Antonio Palacios.

Nesta presentación do VI Triatlón Concello de Porriño actuou de madriña a ciclista local Ana María González Cuña, actual subcampeona galega de BTT Master 40.



Fora invitada polo Concello coa intención de render, na súa persoa, unha homenaxe a todas as mulleres deportistas. Pola mesma razón, este ano, a iconografía do Triatlón baseáse na cor morada.

Ana María González está nun punto álxido da súa tempada, a piques de competir, de novo, polo título autonómico no Campeonato Galego de BTT Master 40 que se celebrará o vindeiro domingo 2 de xuño en Lalín. Ó mesmo tempo está competindo no circuito de 5 probas da "Taça de Portugal", onde gañou a celebrada en Estremoz e quedou

segunda nas outras dúas. Ana María compite enrolada no equipo madrileño "Mito-X Sauce-Berria" e vén de ser galardoada pola Federación Galega de Ciclismo polo recente subcampeonato de España feminino en BTT XCM Master 40.

A alcaldesa de Porriño deu as grazas á organización, de xeito moi especial ós voluntarios dos colexios de educación especial Aceesca e As Esclavas e "particularmente ós participantes, polo voso esforzo e sacrificio e pola ambición de mellorar que ó fin e ó cabo, o que se aprende de facer deporte", manifestou.

As barreiras do paso a nivel estiveron avariadas 90 minutos

Informes da Policía Local de Porriño confirman que a noite do día 30 de maio re-



xistrouse unha avaría nas barreiras do paso a nivel no centro da cidade que durou aproximadamente 90 minutos. Durante ese tempo mantívose a circulación de trens, pero cunha evidente redución da velocidade de paso, a consecuencia de que o xestor ferroviario ADIF fora alertado da incidencia. Os atestados sinalan que a Policía Local de Poio recibiu varias chamadas que alertaban de que as barreiras do paso a nivel non baixaban. Unha patrulla policial acudiu ó lugar (ás 22,45 horas) e verificou a incidencia, avisando de inmediato a ADIF. Mentres a patrulla permaneceu no lugar, comprobaron que dous convois ferroviarios pasaron a menos velocidade da habitual como precaución ante o fallo das barreiras. Ás 0.15 ADIF notificou á Policía Local de Porriño que solucionara a avería das barreiras.

Ante esta nova circunstancia, o goberno municipal de Porriño reitera que no intre que estea constituída a nova corporación local, retomarase as xestións cara ás administracións públicas competentes para suprimir este paso a nivel conforme a reivindicación unánime de toda a sociedade porriñesa que a alcaldesa, Eva García trasladou á presidenta de ADIF, Isabel Pardo de Vera na última reunión celebrada.



LOURIÑA

As Meninas do club Baila-Mos subcampioas galegas de Danza Coreográfica

O sábado 18 de maio celebrouse en Pontevedra o Campionato Galego de Danza Coreográfica no que o grupo As Meninas do club Baila-Mos, adestrado pola bailarina mosense Patricia Martínez, proclamouse Subcampión Galego na categoría Junior Territorial Inicial.

Hai tan só 3 meses que comezaron a competir e dende entón todo foi vento en popa, xa que o pasado 17 de marzo triunfaban no seu debut en competición conseguindo o 2º posto contra a Absoluta Territorial, e o 1º posto na súa categoría Junior nunha competición puntuable para

o ranking nacional que se celebraba na Estrada.

Tras este primeiro éxito acadan agora nada máis e nada menos que o subcampionato galego.

Sobre As Meninas a súa adestradora, Patricia Martínez, declara que “hoxe en día o máis difícil é dar o paso para competir, e o seguinte manterse. Todo empezou como unha aventura para elas e un obxectivo cumprido para min, desde que saíu esta nova modalidade na FEBD (Federación Española de Baile Deportivo), sempre quixen formar un equipo de Danza Coreográfica pero compaxinar as idades e o nivel era súper difícil. Das 6 nenas



que compoñen As Meninas, só hai unha que competise en Baile Deportivo a nivel nacional, o resto pouco máis que bailar nas exhibicións de Festa de Fin de Curso do Club,

que non é por quitarlles mérito, pero unha cousa son os shows nos que bailas para gozar ti e para que goce o público e outra cousa é competir. Ademais por suposto de

O kickboxer mosense Juan Rivera, subcampión galego de k1



O 18 de maio no frontón de Riazor (A Coruña) o púxil mosense Juan Rivera quedou segundo no Campionato Galego de k1.

O boxeador adestrado por Juan Alonso disputou un igualado combate tralo que o cinturón galego quedou nas mans do púxil local Pelayo Ventoso.

O club Kick Boxing Mos, no que adestra Rivera, desenvolve a súa actividade no ximnasio Jovhen Sport de O Porriño.

Nidia Arévalo logra a súa terceira maioría absoluta cunha marxe de 12 puntos

Arecén elixida alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, conseguiu o pasado domingo a terceira maioría absoluta consecutiva acadando o noveno concelleiro cunha marxe de 12 puntos, o que representa 108 votos. A reixidora agradece aos seus veciños a confianza depositada nela e no seu equipo nas pasadas eleccións e destaca tamén a alta participación dos mosenses nos comicios municipais, que alcanzou o 74,83%. O Partido Popular de Nidia Arévalo foi a opción votada por 4.262 mosenses, o que supón 515 votos máis que nas anteriores municipais.

Dos resultados obtidos, destaca tamén que a candidatura popular acadou a maioría absoluta en todas as mesas electorais do municipio de Mos excepto en tres e que en todas as mesas o Partido Popular foi a lista máis votada. Tamén cabe sinalar que en dous parroquias obtivo o que se vén a chamar super maioría, que supón dobrar en votos ao seguinte partido político. “O resultado destas eleccións representa o triunfo da cercanía e do coñecemento da xente, dos meus veciños”, aclara Arévalo.

Nidia Arévalo sinala que esta maioría absoluta supón refrendar tanto o seu modelo de Concello como ao seu programa de goberno e agradece especialmente que os mosenses valoren o traballo feito nestes anos de goberno. “Este é o resultado do modelo de Concello e de xestión que levei a cabo estes anos e un respaldo a os proxectos de futuro que presenteí ao longo da campaña”, engade a reixidora.

Nos vindeiros catro anos, a actual alcaldesa de Mos asegura que “continuará na liña de traballo desenvolva ata o momento e seguirá a situar Mos na máquina do tren da área metropolitana”. Do seu programa para esta lexislatura destacan importantes humanizacións previstas, a continuación do Paseo do Louro ata Porriño, rematar o saneamento e, en materia social, converter o Rebullón nunha residencia e centro de día para atención aos maiores. “Ábrese agora unha nova etapa de ilusión para pór en marcha proxectos que revertirán seguro no beneficio de todos os meus veciños”, afirma Nidia Arévalo.

7º Festival Bandas de Música

MÚSICA & CINE

PORRIÑO

Participan:

- Agrupación Musical de Belesar (Baiona)
- Banda da Escola Municipal de Música do Porriño

Presentación da Banda da Escola Municipal de Música do Porriño

Sábado 8 de xuño de 2019 ás 21:00 horas

Praza do Cristo do Porriño

Organiza: Concello de Porriño

Colaboran: Escola Municipal de Música, Concello de Belesar, DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

SALCEDA DE CASELAS

Marcos Besada, Alcalde de Salceda de Caselas dende o ano 2007, non recollerá a súa acta para a seguinte lexislatura

Lugo de doce anos na alcaldía de Salceda e duns resultados electorais que lle restan 800 votos, dous concelleiros, con respecto as anteriores municipais pero que lle permiten seguir gobernando se alcanza un acordo co PSOE, Marcos Besada presenta a súa renuncia a acta de concelleiro. Faino a través dunha carta aos medios que aquí reproducimos integramente:

Tempos de reflexión honesta e responsable

O proxecto de cambio e transformación que botou a andar en xuño de 2007 é estratéxico e ten que ter continuidade nos vindeiros anos. Temos claro que as persoas que conformamos Movemento Salceda nunca dubidamos en antepoñer os intereses dos veciños e veciñas por enriba de calquera outros. Movemento Salceda é o instrumento do que nos dotamos dende a nosa autonomía municipalista para transformar, da man dos veciños e veciñas, a Salceda que queremos.

Como Alcalde teño contribuído modestamente e poñendo todo o meu empeño, coñecementos e tempo nestes anos, para acadar os obxectivos marcados. Concibo a adicación política na defensa do ben común como espazo temporal, nunca como un fin en sí mesmo. Teño claro, chegado este intre, que a miña contribución plena a dirixir, xestionar e representar institucionalmente a Salceda está feita. Outros e outras, dende a Salceda en Movemento, teñen que asumir o relevo. O máis im-



Marcos Besada cos catro concelleiros/as que pasarán a formar o grupo municipal de Movemento Salceda: Alex Rodríguez, Loli Castiñeira, Miguel González e Lucía Pereira

portante é o proxecto, e as persoas non somos imprescindibles, afortunadamente.

Agradezo profundamente terme dado a oportunidade histórica de concederme democraticamente todos estes anos para ser o Alcalde de todos e todas: a máis alta distinción de traballar sempre por e para os veciños e veciñas de Salceda.

Recoñecendo as miñas virtudes e tamén os meus defectos, creo modestamente que a Salceda de hoxe é ben diferente á que nos atopamos en 2007. E iso é froito dun inmenso traballo colectivo, un proxecto común que foi asumido nestes 12 anos por unha ampla maioría social.

Agora toca dar un impulso renovador e fresco ao proxecto colectivo que representamos. Os resultados do 26 de

maio son un punto de inflexión: compre que as forzas políticas que representan á esquerda plural e á nosa condición de galegos e galegas nos poñamos de novo de acordo, para continuar xuntos, respectando as nosas lexitimas diferenzas, no proxecto de cambio e transformación iniciado no 2007 e que non debe ter marcha atrás.

Os resultados electorais precipitaron o xa previsto: sempre foi o meu desexo, e tamén unha reflexión colectiva, que unha muller debería ser por fin a que rexira democraticamente os destinos e os intereses colectivos da cidadanía de Salceda, algo que non aconteceu ata agora, dende que en 1836 se creara o "Ayuntamiento Constitucional de Salceda".

Afortunadamente en Movemento Sal-

ceda, como proxecto colectivo e transversal, temos persoas capacitadas, honradas, honestas e responsables para asumir os novos retos e levar adiante as ideas e as propostas que presentamos públicamente nestas eleccións. É hora de que, tal como é o desexo da gran familia de Movemento Salceda, Loli Castiñeira asuma dende xa a dirección e coordinación do proxecto de cambio e transformación e da súa proxección futura.

Anuncio a todos e todas, coa firme convicción do deber cumprido tras estes anos de adicación exclusiva a traballar e coordinar o equipo de persoas que me apoiaron nesta titánica e dura travesía, que non vou recoller a acta de concelleiro electo de cara ao Pleno de investidura do 15 de xuño. Un paso atrás para dar dous para adiante: grazas por darme tanto, por permitirme ser o voso humilde servidor, e as miñas desculpas por non ter feito máis pola Salceda que amo e levo no corazón. Aquí estarei, como un salcedense de a pe, como un compañeiro da Salceda en movemento, axudando humildemente e aportando os meus coñecementos e a miña experiencia vital, e seguirei dende a trincheira, no que me queda de vida, que espero que sexa moita, por honrar o pasado, traballar no presente e construír, como teño feito estes anos, a Salceda que soño.

E agora si, reiterando o meu agradecemento a todos e todas, coa vosa venia... "marcho que teño que marchar".

Marcos Besada

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

LOURIÑA

O Festival de Cans marcou o seu récord histórico de público con 15.000 asistentes

O Festival de Cans bateu na súa décimo sexta edición un novo e histórico récord de asistencia de público chegando ás 15.000 persoas durante os seus catro días de duración. Animado polo bo tempo que houbo na fin de semana, o público, diverso e interxeracional como en edicións anteriores, esgotou todas as sesións con entradas á venda, tanto das seccións a concurso como das actividades e das sesións paralelas. Seccións como Fura-Cans ou o Jalpón dos Oscar venderon todas as localidades días antes do comezo do festival. O sábado, o posto central da Asociación Arela vendera xa a primeira hora da tarde todas as entradas dispoñibles e esgotou ao final do día o merchandising propio do festival.

Ademais de coroar a novas e novos curtametraxistas que viviron emocións fortes e nervios na entrega de premios, a XVI edición do Festival de Cans deixou numerosos momentos máxicos. Ao coloquio matinal no Espazo Estrella Galicia co director Rodrigo Sorogoyen sumáronse por sorpresa o actor Luís Zahera e Leonor Watling, congregando a preto de 400 persoas na Leira da señora Alicia. Outro dos instantes especiais foi a aparición no escenario de Iván Ferreiro para acompañar a Wyoming y Los



Insolventes nun Torreiro desbordado polo público.

Previamente, a colocación da estrela do Gran Wyoming no Torreiro fora xa un dos momentos estelares do festival. Máis de mil persoas aclamaron ao showman e actor ao berro de "Presidente, Presidente" mentres este facía un monólogo improvisado entre o numeroso público. Wyoming colocou a súa estrela xusto antes do concerto de Dakidarría, o máis multitudinario dos celebrados en sesión de tarde en toda a historia do festival. Ademais de membros do xurado, curtametraxistas, músicos e as persoas homenaxeadas deste ano, deixáronse ver por Cans un bo número de profesionais do audiovisual e actores e actrices moi populares que se mesturaron entre o público do festival como Tamar Novas, Marta Nieto, Xosé Antonio Touriñán, Leticia Sola ou Julia Juániz, montadora habitual

das películas de Carlos Saura ou Víctor Erice.

Aínda que o festival acolleu o maior número de público o sábado, con cerca de 9.000 persoas ao longo de todo o día, tamén obtivo unha gran afluencia nos días previos na súa aposta por reforzar a súa programación entre semana. Os coloquios e as actividades matinais do mércores e o xoves estiveron cheas polas visitas de centros educativos e público xeral que se achegou a Cans. As actividades programadas no centro do Porriño o xoves pola tarde tamén atraeron a numerosas persoas, que gozaron do concurso de pintura rápida "Pintar o cine", o showcooking Estrella Galicia de tapas de cine con Pablo Pizarro ou a nova sección de libros Lendo-Cine, que tivo unha gran aceptación na súa primeira vez que se celebrou. O Círculo Recreativo e Cultural do Porriño acolleu tamén o xoves a pre-

estrea de Eroski Paraíso, cunha sala repleta de público que regalou ao equipo da película unha das maiores ovacións da historia do certame. Ademais, calcúlase que máis de 2.000 persoas -sobre todo rapazas e rapaces- pasaron polo Parque do Río entre venres e sábado, consolidando definitivamente o espazo familiar Minicans.

No apartado musical, a actuación de Marlango na tarde do venres despachou en apenas uns minutos as 500 pulseiras previstas para acceder ao recinto. Outro dos grandes mo-

máis celebrados polo público, que gozou coas actuacións de Budiño e co novo espectáculo de Antón Reixa, Melancoholemia, que levantou unha enorme expectación e non defraudou ao público presente.

Entres os coloquios cómpre salientar os da Fundación AIS-GE, especialmente o dedicado aos vinte anos da serie Mareas Vivas, que contou coa presenza de Miguel de Lira, Camila Bos-sa, Isabel Blanco e Víctor Mos-queira. Un encontro no que, por primeira vez nun coloquio matinal, o numeroso público



mentos foi a presenza en Cans de Paulo Furtado para a presentación do seu filme Fade Into Nothing e o concerto posterior de The Legendary Tigerman no que fixo vibrar ao público co seu directo apoteósico. Do mesmo xeito, o Invernadoiro e o Cuberto de Mucha do Peso consagráronse este ano como un dos espazos

non puido acceder ao Baixo do Moncho por falta de espazo. En definitiva, a XVI edición do Festival de Cans converteuse na máis completa en contidos e na máis concorrida na historia do festival, superando os 13.000 espectadores do ano 2017, a cifra máis alta á que tiña chegado o festival ata o de agora..



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursos espanhol cep@gmail.com


Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Samiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Diseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiráldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016



CORPUS
CHRISTI

22
E 23
XUÑO
2019

PONTEAREAS

PONTEAREAS
CONCELLO

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

galicia
o bo camiño

riasbaixas
a route to discover

ABANCA

XUNTA
DE GALICIA

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL

MISCELANEA

Por ... Ponte nas Ondas!

Na onda de Fraguas

Antonio Fraguas foi un incansable traballador en prol da cultura popular, da herdanza que de xeración en xeración se vai transmitindo e desde a que cada un de nós interpretamos o mundo. Desde a Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas Ondas!, que cumprirá axiña 25 anos de traxectoria, compartimos a arela e convidámos a deixarnos seducir pola paixón inspiradora de Fraguas para xuntar esforzos en favor da na preservación, difusión e transmisión do patrimonio inmaterial galego-portugués no mundo.

A radio

Fraguas foi a primeira voz da radio en Galicia e a través da súa narración puidemos coñecer como foron os rudimentarios inicios da radio en Galicia que comezaba cun equipamento usado desbotado de Radio Castilla, o emisor EAJ-4.

Segundo o profesor da USC Xosé Ramón Pousa, "tiña pouca potencia, pero como en Galicia non estaba emi-

tindo ningunha outra emisora escoitábase en practicamente todos os lados, tiña un alcance moi superior ao que tería hoxe porque non había saturación electromagnética".

Fraguas era membro da Liga Santiaguesa Pro-Estatuto e era consciente das posibilidades que o novo medio ofrecía para a difusión do ideario galeguista. Escollendo a lectura duns versos de Nao senlleira de Fermín Bouza Brey, segundo Xosé Ramón Pousa, "quixo quizais facer un símil entre a navegación das ondas electromagnéticas e o mar, o tema do libro de Bouza Brey".

Ponte...nas ondas! foi a primeira iniciativa que puxo en valor as radios escolares como un medio de divulgar o patrimonio inmaterial.

O patrimonio oral

Noonsel de Antonio Fraguas vemos como no seu labor se reuniron a paixón pola recuperación e transmisión do patrimonio a través das ondas. Un patrimonio oral e inmaterial que Fraguas recolleu na súa contorna, preservou

en forma impresa e tamén deu a coñecer a través da radio.

A relación con Portugal

Igual que o fixeran o membros das Irmandades da Fala, da Xeración Nós e do Seminario de Estudos Galegos, Antonio Fraguas mantivo diversas colaboracións con publicacións e entidades de Portugal.

Foi colaborador da revista do Museo de Etnografía do Porto e do semanario rexionalista O Arauto que se publicaba en Santo Tirso. Membro da Associação dos Arqueólogos Portugueses e da Sociedade Portuguesa de Etnologia e Arqueologia.

O mestre

A paixón pola docencia de Fraguas é ben coñecida e está documentada por testemuñas que foron seus alumnos. Mais merece destacar o seu labor para poñer en valor o patrimonio cultural, a cultura popular. Antonio Fraguas descobre cos seus alumnos a contorna con visitas ao medio e con recollas das expresións orais.

O patrimonio inmaterial

Ponte...nas ondas! continúa o labor de Antonio Fraguas re-transmitindo este patrimonio ás novas xeracións mediante



Xogos tradicionais en PNO!



Os saberes e oficios en PNO!

os traballos que se desenvolven nas escolas e que a través do portal do patrimonio inmaterial (www.opatrimonio.org) están a disposición pública e tamén con recursos descargables e interactivos sobre o patrimonio de libre uso para os fogares e as aulas: <http://pontenasondas.org/recursos/>

Antonio Fraguas é un facho de luz no que se ve retratado o labor de Ponte...nas ondas!

Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

As contas non cadran

Guardo a Cartilla Militar que me entregaran ao rematar o servizo militar obrigatorio, nas que se reseñaban as calificacións polo amor ao servizo, entrega, sacrificio e disciplina. No que fai ao Valor facían unha anotación común para todos: "se le supone". Non ignoraban os xerarcas militares o desdén dos soldados por aquel patriotismo que pedía "derramar la última gota de la sangre en la defensa de la Patria". Durante ese período de prestación do servizo militar seguían as miñas actividades clandestinas contra a dictadura, para o que si que había que ter valor e demostralo a cotío.

Aos militantes sindicais e político de agora presúponelles valor na defensa dos valores identitarios. Mais ese compromiso é só en actos rituais e na participación nos comicios electorais. O resto dos días do ano os seus comportamento son perversamente incoherentes. Amonan desdén e desleixo con todo o que sexa falta de correspondencia

entre a palabra e a realidade, os xestos, os principios, entre as voces e as figuras das que non surden conceptos aplicables aos problemas. O desleixo xera frustracións, fura e fire a autoestima. Pola contra, a autenticidade cando se exerce é unha forza de tal natureza que é imparabile.

Ante tales incoherencias debemos apelar á necesaria corrección desas conductas. Porque non hai ningún correlato entre os milleiros de militantes con carné e a empobrecida realidade sociolingüística. As contas non cadran. E os que teñen "mando en praza" deberían reflexionar para reordenar tantas enerxías e emocións poñendoas ao servizo da reconstrución da nosa identidade nacional con programas formativos eficaces.

O déficit de galeguización social non cadra coas contiosas cifras de milleiros de militantes e electores comprometidos con partidos que din defender a identidade galega. Non cadran as contas

porque os milleros de hipotecas subscritas op ano pasado (11.414) e os 14 millóns de propiedades rústicas e inmobiliarias (5 por habitante) que se formalizan en instrumentos xurídicos nas notarias, exprésanse en castelán. As que se escrituran en galego son anecdóticas. O mesmo podemos dicir do número de pólizas que se subscriben en castelán coas sociedades aseguradoras malia existir lexislación reguladora que permite formalizalas en galego a pedimento dos beneficiarios. Non cadran as cifras de tantos milleiros de cidadáns que din estar comprometidos coa galeguización cos datos que ofrece a Memoria anual do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nos procedementos abertos en todos os órganos xurisdiccionais, maioritariamente tramitados en castelán. Os litigantes que contratan os servizos xurídicos dos máis de dez mil avogados, non lles esixen que defendan os seus intereses en galego, sabendo que quen paga manda. Dos 30.000 falecementos que anualmente se producen en Galicia, o uso da lingua galega é insignificante no número de

esqueletos publicadas nos xornais e nas lápidas dos camposantos. Moitas contas non cadran.

A marxe de autonomía que teñen os cidadáns no ámbito persoal é ben grande para empurrar polo proceso galeguizador se quixesen. Cómpre que os partidos, sindicatos e movementos asociativos artellen cana dese programa pedagóxico para animar a militancia a participar na tarefa colectiva de galeguizar as conductas individuais e familiares.

As políticas lingüísticas institucionais de todas as administracións públicas debe ter o imprescindible complemento das do resto das organizacións sociais. Mentres iso non aconteza as contas non cadran. O optimismo dos dirixentes de partidos e sindicatos nos avances das súas formacións nada teñen que ver co inexistente medre da galeguidade social. Non recoñecelo é mirar para outro lado eludindo as súas responsabilidades.



Eleccións municipais 2019 - Baixo Miño

A riada do Miño

Por Guillermo Rodríguez

Unha nova riada presentouse o pasado día 26/M ao remate do recuento dos votos nas pasadas eleccións municipais. Unha riada que se levou por diante os pequenos restos azuis que quedaban. Nesta ocasión podemos falar dun auténtico tsunami dende Tui ata a Guarda, aínda que aquí chegara xa un tanto débil.

Tui é unha cidade (foi capital do reino de Galicia) que vén sendo unha especie de laboratorio político. Aquí, dende os anos oitenta do pasado século, candidatura que se presentaba candidatura que conseguía como mínimo un concelleiro. Lembramos aqueles tempos de Unión Tudense comandada por Diz Guedes. Daquela candidatura saíron catro alcaldes ata hoxe: o propio Diz Guedes, Capón, Núñez e

Nas eleccións de 2015 eran una morea de grupos e subgrupos que remataron en gobernos tripartitos e logo, para que nada faltara, nunha moción de censura absurda, sen pés nin cabeza. As consecuencias daquela tolema política víronse agora: o candidato socialista censurado fuxiu coa maioría dos concelleiros para poder gobernar sen ataduras. Quen aceptou ser cabeza de rato, léase alcalde, foi castigado polas urnas. Tiña dúas actas e quedou só con unha. Xa anunciou a retirada. Estaba visto. Os tudenses tiñan que sentarse a reflectir dunha puñeteira vez e pensar que o laboratorio só serve para obter produtos aceptables á cidadanía, non para facer experimentos eternamente.

Hoxe Tui vai ter un alcalde socialista que, para demostrar a súa categoría, anuncia ofrecerse aos demais para gobernar sen imposicións aínda que non o precise. Non devolve “ollo por ollo” como, seguramente, algúns tiñan merecido.

No seguinte concello: Tomiño, pouco que comentar. Unha política intelixente que soubo estar nos lugares axeitados nos momentos oportunos fixo que a política de Sandra González, un dos poucos valores do BNG en Galicia, fora enchoupando aos tomiñenses dun saber facer que ano a ano lle está dando importantes resultados. O seu crecemento non é de borla, é merecido.



Ánxela Fernández Callís, do BNG será a nova alcaldesa do Rosal.

Tomiño está chamado a ser un referente importante nesa política de fronteira que dende anos se está levando a bo termo, tanto de parte galega como portuguesa.

Pero onde a sorpresa foi maiúscula é O Rosal. Aquí “reinaba” aparentemente sen sobresaltos unha política conser-



vadora, herdeira dos tempos de antes que parecera non ía ofrecer grandes sobresaltos. Pois si que os ofreceu!! Nada máis e nada menos que una maioría absoluta nacionalista que levaba anos cortándolle a herba debaixo dos pés a una política que non acababa de saír á superficie moderna e ofrecer cousas diferentes ás de sempre. Unha Meller, emula de Sandra, seguro nos vai ofrecer cousas que admirar. Esperemos que así sexa.

E chegamos Á Guarda, aquí xa levamos tempos con novas políticas aínda que non rematan de asentarse

dun xeito definitivo. Quedan rescoldos de tempos pasados que non rematan de extinguirse. Os socialistas xa son veteranos no concello pero aínda lles falta dar ese golpe definitivo para poder levar a bo termo políticas agresivas socialmente sen que teñan que negociar cada paso que deban dar. Entendemos que o actual alcalde en funcións, Antonio Lomba, vai seguir á fronte do concello. Esperemos que non teña demasiados atrancos para ese labor.

Quedamos por escanear OIA. Este pequeno pero fermoso concello entre o Baixo Miño e o Val Miñor é un crisol de políticas e políticos. Uns van e outros veñen, con mocións de censura polo medio. Apenas un puñado de votos fai que as augas corran por unha canle ou por outra. Nesta ocasión seguen cara ao muiño que estaba moendo nestes momentos.

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

milfollas@mundo-r.com

GASOLEOS TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

OPINIÓN

Por Xan Doval

Eleccións Municipais 2019 - Val Miñor


Vento do Norte : Val Miñor

Díse que Elena Quiroga redactou a novela coa que gañou o Nadal de 1950, "Viento del Norte", no pazo de Cea, en Nigrán. O primeiro da senda paxega, a unha e outra banda da estrada entre Vincios e Nigrán e a unha e outra beira do río Muíños, gardadas as costas polos montes de Priegue. Ben perto das estrelas rutilantes, na actualidade, de Cadaval e Touza, esta ben achegada as casas de Balinfa, Torres Blancas e Torres Méndez, en claro deterioro, esta última en especial, ruína romántica onde as haxa. Mais afastados Brito e a Abacial de Nigrán e máis perto aínda de onde viña o vento a de Lamelas en Priegue.

O vento de cola procedente da oliveira "caballeresca" arrasou o Miñor. O máis afectado foi Nigrán, onde o candidato, e xa alcalde, Juan González non conseguiu a porcentaxe de apoio do vigués pero andoulle cerca, (67.64 don Abel / 62,37, don Juan) pero quedoulle unha corporación máis simple, na que os seus 13 concelleiros só terán enfronte unha minguada oposición de 4 cun partido, o popular, e un candidato en transo espiritual. Todos as

demais candidaturas ficaron fora por non chegar o 5% esixido para entrar no reparto.

O mesmo vento norteño soprou en Gondomar, salvando as distancias persoais entre a afeabilidade e o galiño de curral. Paco Ferreira, neste caso máis empurrado polo vento de cola madrileño, coa súa bandeira española o pulso, acadou o 46,65% e os nove concelleiros que o salvaban, pois encabestrado con toda a oposición ía ter moi difícil arranxar unha maioría. O PP mantivo, non se certa sorpresa, o tipo e os 4 asentos no pleno; mentres que Ciudadanos, nova marca da anterior Iniciativa por Gondomar foi a máis afectado, xunto con CABE, pola vendaval sanchista que levou os votos como follas mortas cara o zurrón socialista. Cidadáns ficou con un e a tripla alianza (Anova/Podemos/Esquerda Unida) perdeu os tres que tiña o non chegar o mínimo do 5% para. Pola súa banda Manifesto Miñor perdeu un concelleiro pero resistiu cun discreto 11% e algo máis dun milleiro de votos, mentres que o BNG, polos pelos, acadou unha cadeira no pleno municipal.



Dende hai anos a corporación baionesa era a máis estábel das tres miñoráns, cun PP que gobernaba con cómoda maioría que foi esnaquizando o longo da lexislatura. Aínda que a hora da verdade demostrou ter moito músculo e aínda que con certa "floreira" acadou 6 concelleiros. Os mesmos que o máis votado que foi o PSOE, favorecido polos ventos cruzados que sopraron na vila real. Agora a pactar, pois, a eses seis/seis dos dous grandes, hai que lle engadir os dous/dous dos pequenos, isto é BNG e os "independen-

tes" de Carlos de la Peña. Tócalles o vencedor mover ficha e lograr apoios. Moi difícil tampouco debería ser.

A obra de Elena Quiroga, o personaxe non deixou moi boa sona na contorna, sempre nese ambiente de soidade paxega pardobaziana, permitiulle chegar o cumio do recoñecemento o entrar na RAE e engadir a iso o de ser a primeira muller en facelo. Non sei se dentro duns anos poderemos falar dun recoñecemento da obra dos tres alcaldes (dous xa seguros e o de Baiona, suponse) como o da Sra. Quiroga?.



Campamento de Verán en Tui

O Campamento de Verán de Tui 2019, organizado polo Concello, e dirixido a nenos de 3 a 12 anos, contará este ano con dúas quendas, a primeira do 15 ao 31 de xullo, e a segunda do 1 ao 16 de agosto. O prazo de inscrición será do 11 ao 21 de xuño, entregando a solicitude e a documentación requirida, na secretaría da casa do Concello de Tui.

O prezo do campamento será o mesmo que nas edicións pasadas, estando establecido por quenda e participante en 30,56€.

Co desenvolvemento destes campamentos, preténdese ofertar unha alternativa aos pais e nais que traballan durante ese período, para que podan conciliar así a vida familiar e laboral.

Os perfís dos avós de Rajoy, Zapatero, Iglesias, Rivera e Sánchez, no libro de Alfonso García López

Perseguín a verdade con rigor e honradez, á vez que con respecto e neutralidade”, dixo Alfonso García López do seu libro “Algunos abuelos de la democracia”, no que tras múltiples investigacións traiza os perfís dos catro avós dalgúns dos políticos máis relevantes dos nosos días: Rajoy, Zapatero, Iglesias, Rivera e Sánchez. A obra foi presentada na Delegación da Xunta en Madrid/Casa de Galicia e o obxectivo do autor, notario xubilado, foi o de “buscar a verdade das súas biografías” baseándose na documentación procedente de máis de trinta arquivos, entre eles, o General da Administración, de Alcalá de Henares; o Centro Documental da Memoria Histórica, de Salamanca; ou o Arquivo Histórico Nacional de Madrid.

O presentador do acto centrouse nas biografías dalgúns dos avós: En primeiro lugar na do capitán Juan Rodríguez Lozano (avó de José Luis Rodríguez Zapatero), poñendo de relevo “as incógnitas que ro-

dean a súa condena e execución polo delito de traizón, así como a desaparición do sumario orixinal”. O segundo avó foi Enrique Rajoy Leloup (avó de Mariano Rajoy Brey), profesor de Dereito, avogado, republicano de dereitas, apartidista e destacado galeguista. Pero a vida máis novelesca que describe a obra é a peripecia vital de Manuel Ramírez Iglesias (avó de Pablo Iglesias Turrión), Capitán Auditor Presidente dun Tribunal Militar da República, poeta, avogado, funcionario e referencia da vida social madrileña. “É tan real como asombroso o relato do súa condena á morte por rebelión, a conmutación da pena, o indulto e a súa posta en liberdade”. Non revisten tanto interese as vidas dos demais. A de Mateo Pérez-Castejón Díez (avó de Pedro Sánchez Pérez-Castejón) salvo porque o autor rexeite unha falsa atribución de ascendencia que cualifica de basto infundio, e a do avó materno de Albert Rivera Díaz: Alberto Rivera Ortega, calafate da Barceloneta



O libro co autor, Alfonso García López, o delegado da Xunta José Ramón Ónega e o presentador, o xeneral Rodríguez-Villasante.

e que era un neno na guerra civil (que viviu o seu bisavó).

Rodríguez-Villasante destacou “o rigor académico da obra”, ata tal punto que (aludindo á Bocca da Verità que ilustra a portada) “ben podería o autor introducir a súa man, sen ningún temor para perdela, polo carácter veraz e independente da súa achega histórica”, cuxa lectura recomendou vivamente.

O motivo polo que o autor decidiu investigar sobre “os avós”, xurdiu porque “os seus netos ou terceiros referíronse con frecuencia á vida e pen-

samento deles, nuns casos desvirtuándoos e noutros utilizando falsidades”. É por iso que “perseguín a verdade con rigor e honradez, á vez que con respecto e neutralidade”, dixo, e máis tendo en conta “a crecente tendencia a terxiversala da sociedade de hoxe amparándose en gran medida no anonimato que proporcionan as redes. Por iso este libro”.

Nas súas palabras tamén aludiu ao caso de Enrique Rajoy Leloup, avó de Mariano Rajoy, “cuxa historia é peculiar e case descoñecida, mesmo en Galicia”. Rajoy Leloup foi re-

publicano convencido, laico, galeguista e alma do estatuto de autonomía de Galicia do ano 1936, xunto aos seus amigos Alejandro Bóveda e Ángel Casal, os dous fusilados. El sufriu o ostracismo durante varios anos.

No caso do avó de Pablo Iglesias, Manuel Iglesias Ramírez, en 1938, cando tiña 25 anos presidía o Tribunal Militar do IX Corpo de Exército republicano, con base en Úbeda. Despois foi detido, procesado e condenado á morte en Úbeda o 27 de xullo de 1939. Ata os 26 anos tivo unha vida. Despois de lograr que a pena lle fose conmutada, a súa vida foi outra totalmente diferente e “desenvolveu unha longa carreira profesional no Seguro Obrigatorio de Enfermidade, dependente do Ministerio de Traballo, en tempos do ministro José Antonio Girón de Velasco, que lle permitiu dar educación universitaria aos seus sete fillos e aparecer nas crónicas de sociedade de ABC con certa frecuencia”.

Un total de 576 clubs recien este ano axudas da deputación

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra vén de aprobar a concesión das subvencións aos clubs deportivos da provincia que participan en competicións federadas de ámbito inferior a nacional para o ano 2019. Beneficianse este ano un total de 576 clubs da provincia, 19 máis que o ano pasado, pertencentes a 58 concellos da provincia de Pontevedra, tal e como sinalou a presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva.

“Como todas as outras axudas concedidas en diferentes ámbitos, agora na Deputación

estas axudas tamén se reparten con criterios obxectivos e de forma transparente e equitativa, rachando co modelo anterior que maioritariamente eran subvencións nominativas a dedo, dependendo das simpatías do goberno anterior. Agora iso rematou e son subvencións dadas con criterios obxectivos”, resaltou a presidenta.

En total, concédense axudas por valor de 650.000 euros, 50.000 máis que no 2018. O obxectivo destas partidas é apoiar os clubs deportivos federados e rexional preferente pola súa participación en ligas e competicións oficiais de ám-

bito comarcal, provincial ou autonómico. Entre as entidades beneficiarias están representados multitude de deportes, como por exemplo fútbol sala, xadrez, tiro con arco, fútbol, tenis, baloncesto, balonmán, ximnasia rítmica, atletismo, natación ou patinaxe artística.

Recoñecemento da Federación Española Balonmán

Carmela Silva tamén destacou a satisfacción do Goberno provincial polo feito de que a Real Federación Española de Balonmán vén de conceder, na categoría de “Institución” nos seus Premios Nacionais 2019, un recoñecemento especial á Depu-



tación de Pontevedra polo seu apoio ao balonmán. A entrega dos galardóns terá lugar o vindeiro día 15 de xuño en Oropesa del Mar.

Nos Premios Nacionais 2019 da Federación Española de Balonmán tamén contan cun premio a Asociación Deportiva

Carballal de Cabral (Vigo), “un dos clubs referencia do balonmán base en toda España, sobre todo na categoría feminina; o ex-porteiro histórico pontevedrés Vitor García “Pillo”; o Diario de Pontevedra; e o xornalista de Radio Pontevedra Ángel Magdaleno.

BAIXO MIÑO

O Concello convoca un Concurso de Ideas para a Reordenación da Fronte Fluvial de Tui

Presentouse no Concello de Tui o Concurso de Ideas para a Reordenación da Fronte Fluvial. Estiveron no acto o alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, xunto a Antonio Davila, Manuel Martínez e Simón Pereiro da delegación en Vigo do Colexio de Arquitectos de Galicia.

Os proxectos que se presenten ao concurso serán valorados en función de 4 criterios cunha puntuación total de 100: un máximo de 35 pola calidade da proposta con respecto á adecuación co entorno e sustentabilidade, 25 por viabilidade económica, 20 atendendo a criterios de mobilidade e accesibilidade e 20 de integración urbana entre o río e a cidade. O ámbito de actuación do proxecto engloba dende a Ponte Internacional até os Xardíns de Troncoso.

Establécese un premio dotado con 18.000€ e dous accésit de 8.500€ e 3.500€. O xurado que valorará os proxectos estará formado por un representante da



Confederación Hidrográfica, da Demarcación de Costas de Pontevedra, das Consellerías de Cultura e de Medio Ambiente e Urbanismo da Xunta de Galicia e un técnico, enxeñeiro ou arquitecto, designado pola Deputación de Pontevedra. Ademais haberá dous enxeñeiros ou arquitectos designados polo Concello de Tui e dous representantes do colexio de arquitectos e o de enxeñeiros de camiños, canles e portos.

Os interesados terán de prazo para presentar os seus pro-

xecto 45 días naturais a partir do día seguinte da publicación das bases no perfil do contratante na plataforma do estado, que se producirá a finais desta semana o na próxima.

O alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, destacou o río como un dos activos máis importantes de Tui, polo que é unha boa idea “ter moitos profesionais que coñezan de urbanismo e a organización do espazo que aporten as súas ideas a Tui e ó diálogo do río co conxunto histórico”.

Tui presentará un Plan de Mobilidade Sustentable en outubro

Presentouse o inicio do Plan de Mobilidade Sustentable (PMUS) para o Concello de Tui, adxudicado a empresa Eptisa por un importe de preto de 13.000 euros, financiados pola Deputación de Pontevedra na súa totalidade.

O documento definitivo, que será presentado, como data límite o 20 de outubro, será a folia de ruta para mellorar a mobilidade na cidade, dando prioridade ós peóns e transporte público ou eléctricos sobre os vehículos privados, reducindo así o gasto enerxético o e impacto medioambiental.

Os obxectivos do PMUS son, crear proximidade, xerar espazo público vivo, fomentar o atractivo do transporte sustentable como os patinetes ou bicicletas, evitar infraestruturas que obriguem o uso de vehículos privado e adecuar as velocidades para permitir a convivencia entre todos os medios de transporte.

O plan contará con 4 fases.

Unha primeira de recollida de datos e análise do territorio, incluíndo análise da demanda e da oferta do que resultará unha diagnose da situación. A segunda fase consiste na identificación dos problemas de mobilidade e unha definición de obxectivos concretos para Tui. Na terceira fase se definirán as liñas para a redacción do proxecto dentro dun plan sectorial. Por último, na cuarta fase, definiránse as solucións para mellorar a mobilidade da cidade. Unha vez rematadas estas catro fases, crearán o documento do PMUS. Paralelamente van farán unha análise enerxética coa que se va a medir o aforro que resultaría coa aplicación deste Plan de Mobilidade Sustentable.

O proceso de elaboración de PMUS contará coa participación cidadá a través de enquisas na web do concello, entrevistas co tecido asociativo e diferentes colectivos e traballo de campo.

Tui implantará nos vindeiros meses o Plan de Emerxencias Municipal

O Concello de Tui presentou o seu Plan de Emerxencias Municipal. O alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, o concelleiro de Seguridade, Antonio Castro Negro e o encargado do Plan, Daniel Lorenzo da empresa encargada Previnem, foron os responsables de dar a coñecer o documento.

O Plan Municipal de Emerxencias é un instrumento de carácter técnico composto por normas e procedementos que explican o sistema de resposta da administración local ante os riscos que se poidan dar no municipio. O plan conta cunha estratexia de actuación dependendo de cada risco: accidentes de mercadorías perigosas, inun-

dacións, incendios forestais e urbanos e fenómenos meteorolóxicos adversos.

Os obxectivos deste Plan de Emerxencia Municipal son analizar os riscos do municipio, determinar ás medidas de prevención ante un posible risco e coordinar os recursos municipais para posibilitar unha resposta rápida en caso de emerxencia.

O documento partiu dun análise do municipio (espazo xeográfico, actividades e configuración do espazo) a partir do cal se identificaron unha serie de riscos que despois se avaliaron para elaborar os protocolos de actuación. A segunda parte consiste na implantación do Plan.

A fase de implantación con-

siste na capacitación dos servizos de emerxencia que van conformar grupos operativos de intervención, grupo sanitario de acción social, de apoio lóxico, de seguridade e de apoio técnico e rehabilitación. Estarán formados por colectivos de seguridade municipal como protección civil, a policía local, e traballadores do concello entre outros.

Ademais elaborouse unha identificación de espazos, instalacións e actividades que polas súas características necesiten máis atención, e para as que se creou unha ficha de intervención operativa. É o caso dos centros escolares, locais sociais ou instalacións industriais entre outros que contan con



esa ficha de datos fundamentais para contribuír a unha mellor e máis rápida intervención en caso de emerxencia.

Dentro do proceso de implantación, van realizar un traballo coa veciñanza baseado na difusión dos principios de autoprotección a través de accións formativas nos centros escolares, asociacións de veci-

ños e instalacións deportivas.

O alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín asegurou que esta era “unha das carencias detectadas no concello polo que era fundamental levar a cabo este plan para contar cun protocolo de actuación en caso de emerxencia como no caso da vaga de lumes de outubro de 2017”.

TOMIÑO

Éxito rotundo das actividades nas parroquias do programa 'Deporte para todas as persoas'

Grande acollida das actividades gratuítas desenvolvidas nas parroquias tomiñesas dentro do programa 'Deporte para todas as persoas', posto en marcha pola Eurocidade Cerveira-Tomiño en instalacións municipais de ambos os dous concellos. Máis de 100 persoas xa están inscritas e participan nas clases que cada semana se desenvolven en Sobrada (mércores), Tomiño (xoves) e Tebra (venres) e que cada vez suscitan máis interese entre a poboación. Son actividades como ximnasia de mantemento e pilates coas que os e as participantes din sentirse mellor fisicamente.

De xeito paralelo, Vila Nova de Cerveira ten en marcha tamén tres grupos de actividades deportivas gratuítas nos IPSS (Institucións Particulares de Solidariedade Social) dirixidas a un perfil de público diferentes, especialmente xente de maior idade.

Máis de 200 persoas participan nas actividades gratuítas do programa transfronteirizo 'Deporte para todas as persoas' e que inclúe, ademais das modalidades deportivas en parroquias de Tomiño e IPSS de Cerveira: piscina en familia nas instalacións municipais de Cerveira, con natación e iniciación ao medio acuático para nenas e nenos de 3 a 12 anos



acompañados dun familiar os primeiros sábados de cada mes (18.45 h, hora galega), e actividades para maiores de 55 anos, todos os martes (10.30 h) en Cerveira e os xoves (10.00 h) no local da Asociación Vontade de Tomiño. Ambas as dúas tamén cunha boa acollida por parte da poboación.

Este programa deportivo comezou unha nova tempada en setembro de 2018 e estará aberto ata novembro deste ano, agás no mes de agosto, no que se fará un parón estival. Todas as persoas interesadas en participar poden aínda inscribirse vía online, cubrindo o formulario que atoparán na web da Eu-

rocidade (<https://eurociudadecerveiratomino.eu/servizos-compartidos>), ou de forma presencial na oficina de Cooperación Transfronteiriza, situada no segundo andar do Concello de Tomiño (Praza do Seixo). Máis información no teléfono 986 18 45 98, en horario de 08.00 a 15.00 horas.

Estas actividades deportivas que invitan aos veciños e veciñas dos dous municipios a compartir prácticas saudables forman parte da Axenda Estratéxica para a Cooperación Transfronteiriza Amizade Cerveira-Tomiño, un proxecto cofinanciado ao 75% polo Programa INTERREG VA POC-TEP, fondos FEDER da Unión Europea.

Anahí Álvarez no Campionato de España



Anahí Álvarez Guerner, patinadora tomiñesa, participará na categoría "junior" no Campionato de España que se celebrará en Bilbao entre o 29 de maio e o 2 de xuño.

Anahí foi seleccionada como promesa na modalidade de patinaxe, no Concello de Vigo, e acadou numerosos títulos provinciais e rexionais nos últimos anos.

Sandra González ponente nunha conferencia en Londres

Sandra González, asistirá en calidade de alcaldesa de Tomiño en funcións, á 10ª Conferencia Internacional de Mercados Públicos, que terá lugar os días 6, 7 e 8 de xuño en Londres, despois de que o Mercado Municipal fose convidado a participar.

A intervención da alcaldesa de Tomiño está marcada para o día 7 de xuño ás 16.00h, co fin de que relate a experiencia da recuperación do mercado coma novo espazo público transformador da vida da vila.

Para esta Conferencia, á que se espera asistan máis de 400 representantes de mercados de todo o mundo, foron seleccionados 20 exemplos como ponentes, entre os que se atopa Tomiño.

Exposición de viñetas sobre os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

O Mercado Municipal de Tomiño acollerá entre o 21 de maio e o 21 de xuño a novidosa mostra arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible creada polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, entidade da que é socio o Concello. Os municipios teñen un papel chave no cumprimento destas metas fixadas pola ONU co fin de erradicar a pobreza e as desigualdades no horizonte de 2030, pero para acadalas o primeiro paso é dalas a coñecer, e mellor se se fai dun xeito entretido, empregando

o humor e a retranscrición que nos caracteriza para facelas máis comprensibles.

Na exposición 'Os ODS. Un camiño para acabar coa pobreza e as desigualdades alá e acolá', cada un dos 17 Obxectivos está representado por unha viñeta dunha autora ou autor, tanto de Galicia coma de países africanos da Lusofonía como son Mozambique, Cabo Verde e Guinea-Bissau. A través das obras destes 15 debuxantes, preténdese fomentar a reflexión, a nivel local e global, sobre temas como a loita contra a fame, o acceso á saúde e á

educación, a equidade de xénero ou a protección do planeta. Ao tempo, búscase concienciar sobre as medidas que cadaquén pode tomar e/ou esixir ao respecto.

O Fondo Galego volve apostar así por accións que vinculan a sensibilización co mundo da arte e da cultura, co fin de implicar a este sector e visibilizalo. Ademais, fíxose un esforzo especial por incorporar autoras, tendo en conta que a banda deseñada é un xénero especialmente hostil para as mulleres, non só pola perpetuación dos roles de xénero senón tamén por

manter ás ilustradoras nun segundo plano.

Na exposición podemos atopar as sinaturas de Neivaldo Nhatugueja, Iago Araujo, Pablo Rosendo, Roberto Mendes, María Nóvoa, Alberto Fortes, María Vilar, Jano, Alicia Jaraba, Clara Patiño, Paula Esteban, Noemí López, Laprizluzuli, Tokio e Luís Davila. A mostra resulta tamén innovadora polo seu formato, xa que as ilustracións van montadas sobre grandes caixas de cartón, e incorpora asemade unha unidade didáctica, pensada inicialmente para Secundaria.

BAIXO MIÑO

A “avoa de Oia”, Purificación Granja, cumpre 103 anos

Purificación Granja, a muller máis lonxeva de Oia, cumpre este mércores 103 anos, un aniversario que festexa cunha saúde envexable e rodeada dos seus seres queridos.

Aínda que hoxe é un día especial que mereceu un brindé cun pouco de sidra, a “avoa de Oia” non perdoou a súa cita diaria cun dos seus labores favoritos: o ganchillo. Pese a estar de celebración, despois da comida coa familia colleu as agullas e púxose coa tarefa.

A alcaldesa de Oia en funcións, Cristina Correa, visitou esta mañá a Purificación xunto á concelleira en funcións Carmen María Estévez para felicitar persoalmente á lonxeva veciña.

Ambas representantes municipais fixéronlle



entrega dun ramo de flores e dunha torta, a fin de transmitirlle o agarimo do conxunto da veciñanza de Oia. Coma sempre, Purificación Granja recibiu ás súas visitas cun sorriso e facendo gala do seu característico bo ánimo.

A tempada de curros en Oia comezou na Valga

A tempada de rapas das bestas en Oia comezou o 12 de maio co tradicional curro da Valga.

A partir das 9.00 horas os gandeiros comezaron a xuntar as bestas e chegando os cabalos ao recinto da Valga (parroquia de Loureza) despois do mediodía. Xa pola tarde, tivo lugar as actividades de rapa, desparasitado e marcado dos animais. Estímase que nos montes viven actualmente uns 250 adultos e arredor de 50 poldros.

Despois da Valga, en Oia desenvólvese os curros de Torroña, o 2 de xuño e Mougás o 9 de xuño.

En relación á próxima celebración dos curros, lémbrese que soamente está permitido facer fogueiras nos lugares habilitados para elo. No caso de que o IRDI (Índice de Risco Diario de Incendio Forestal) teña un nivel elevado ese día, os lumes quedarán totalmente prohibidos. Na zona haberá contedores para depositar os refugallós. Finalmente, lémbrese que na zona tam-

Comezan as reunións para a formación de goberno na Guarda

O mércores 29 de maio, o alcalde en funcións, Antonio Lomba, xunto cos membros do seu equipo de goberno, Montserrat Magallanes e Miguel Español, mantiveron unha reunión con representantes do partido popular da Guarda encabezada polo seu candidato, Roberto Carrero.

Nesta reunión, que se produciu a instancias do PP, os representantes socialistas trasladáronlle a súa intención de acadar un acordo co BNG para

a formación dun goberno de progreso para A Guarda.

Para elo, e a instancia de Antonio Lomba, xa están convocada a primeira reunión entre os representantes da Agrupación Socialista da Guarda, encabezada polo alcalde en funcións; e o BNG, encabezada polo seu candidato a alcaldía Anxo Luís Baz.

O BNG en pé de igualdade

O BNG, pola súa parte, afronta en pé de igualdade calquera acordo de goberno para A Guarda.

Logo de pasar de 3 a 5 concelleiros e acadar un empate técnico cun PSOE á baixa, considera necesario un cambio, que defenderá con firmeza, e vai sentarse nunha mesa de negociación e “optar a todo e asumir as responsabilidades que o pobo lle encomendou”.

Os socialistas agradecen o apoio recibido

A Agrupación Socialista da Guarda e o Grupo Municipal Socialista, encabezado polo alcalde en funcións, Antonio

Lomba, quere agradecer, a toda a cidadanía Guardesa, o apoio recibido nas pasadas eleccións municipais do 26 de maio.

“Queremos agradecer tamén as mostras de cariño de todas as persoas que respaldaron a xestión do Equipo de Goberno Socialista nestes últimos catro anos. Para os Socialistas, non foi o resultado esperado e imos a empezar a traballar dende xa para recuperar a confianza da cidadanía guardesa.”

A unidade móbil de doazón de sangue estará na Guarda o 6, 7 e 8

A unidade móbil do Centro de Transfusión de Galicia estará instalada na Guarda o xoves día 6, venres día 7 e sábado día 8 de xuño.

Este autobús estará emprazado na Rúa Rosalía de Castro (Ao Carón do Centro Cultural) o xoves 6 e venres 7 en horario de 16:00 ás 21:00 horas e o sábado 8 en horario de 10:00 ás 15:00 horas.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

A GUARDA

Actividades para a promoción de hábitos de alimentación saudable no Mercado da Guarda

Quere o teu mercado" é o lema da Campaña Internacional dos Mercados, unha iniciativa que a Xunta de Galicia promove en colaboración cos Concellos, as Prazas de Abastos e as Federacións e Asociacións de comerciantes.

O sábado 25As dúas accións programadas no mercado da Guarda son:

Familia, que comemos hoxe?

Unha charla dirixida principalmente ás familias con nenos e nenas na etapa chamada de primeira infancia coa intención de poñer en valor os beneficios do produto fresco e de proximidade que ofrece a praza á hora de elaborar menús saudables e nutritivos.

Esta charla pretende ser moi dinámica e participativa e terá lugar no propio mercado o vindeiro sábado día 15 de xuño en horario de 11:00h a 13:00h.



Concurso Clic ao mercado

Dende o 27 de maio, en colaboración cos comerciantes do Mercado de Abastos Municipal da Guarda, se ven de lanzar un Concurso a través da Páxina de Facebook do «Mercado de A Guarda» para o Sorteio de 5 Bolsas de 70€ de compra nos establecementos do mercado.

Esta campaña de promoción pretende achegar a xuventude e mocidade guardesa ao Mercado de Abastos Municipal, incentivando as compras neste sector da poboación e promovendo hábitos de alimentación saudable.

A Campaña "Clic ao Mercado" está destinada á mo-

cidade con idades comprendidas entre os 18 e 35 anos, que poderán entrar no concurso de cinco bolsas por valor de 70 euros para mercar en, como mínimo, tres establecementos das distintas seccións do mercado (carnes, peixes, froitas e hortalizas).

Para poder participar, as persoas interesadas terán que darlle a me gusta, compartir e comentar na imaxe da campaña a través da páxina de Facebook oficial do Mercado da Guarda en Facebook etiquetando a dous amigos/as entre o 27 de maio e o 27 de xuño.

Os resultados do sorteo farase público o 28 de xuño e as bolsas poderán utilizarse ata o 28 de xullo.

Os praceiros e praceiras da Guarda repartiron diferentes obsequios desta campaña, unha actividade que engloba dúas accións máis, revitalizando o papel tan importante deste sector.

O Centro Cultural luce xa a nova iluminación



Dentro das actuacións de carácter estético de realce do noso patrimonio, como por exemplo o pintado do espigón ou a rotonda de San Roque, o concello da Guarda adxudicou esta semana as obras de iluminación ornamental do Centro Cultural da vila, unha construción indiana que ben merece luminarias que destaquen a súa arquitectura nas horas nocturnas, actuando na fachada principal e fachada oeste, así como nas escaleiras de acceso e a zona axardinada da parte posterior.

Para o proxecto empregouse iluminación de tipo LED, con

temperaturas de cor entre 3000k e 4000k, cumprindo cun aforro enerxético optimizado e destacando áreas específicas deste emblemático edificio co obxectivo de atraer a mirada cara a zonas, detalles ou particularidades arquitectónicas interiores ou exteriores, engadir profundidade ou texturas e matizar o aspecto xeral deste emblemático edificio da vila.

Esta iluminación conta cun sistema de programación horaria automatizado para poder controlar o acendido e apagado.

O financiamento desta actuación realizouse a través do plan concellos 2019 da Deputación de Pontevedra.



Aser Álvarez González gañador do XVI Premio Johán Carballeira de Xornalismo

Aser Álvarez González erixiuse gañador do XVI Premio Johán Carballeira de Xornalismo pola súa reportaxe titulada "Ferrín e a poesía do circo", publicada no xornal dixital www.adiante.gal, polo que se fará con 1500 €. O xurado, conformado por Manuel A. Mosteiro, presidente da Asociación de Amigos de Johán Carballeira de Bueu, e as xornalistas Ana Cabaleiro e Montse Dopico, xustificou a súa decisión en que "como



Xurado do Premio Johán Carballeira

produto xornalístico destaca pola súa orixinalidade e estrutura, así como a relación que establece entre circo, teatro e literatura, ao mesmo tempo que destaca a combinación de xéneros periodísticos".

Parque Aquático de Cerveira abre portas a 14 de junho

Com o aproximar de mais uma época balnear, já é conhecida a data de abertura ao público do Parque Aquático de Vila Nova de Cerveira: 14 de junho.

Vizinho do Aquamuseu e a confrontar com o rio Minho, este parque temático incorpora uma componente lúdico-pedagógica singular, com diversões associadas ao troço internacional de água, com réplicas de canais, comportas, barragens, jatos e repuxos de água.



De acceso gratuito, o Parque Aquático de Vila Nova de Cerveira funcionará entre 14 de junho e finais de setembro, de terça-feira a domingo, entre as 10h00 e as 12h30 e as 14h00 e as 19h30. O encerramento acontece todas as segundas-feiras para manutenção.

Sorteadas as prazas dos campamentos polideportivos Príncipe Felipe da Deputación

A Deputación de Pontevedra realizou, no Pazo Provincial, o sorteo informático das 300 prazas para os campamentos polideportivos deste ano, que se van desenvolver en 6 quendas distintas entre o 8 de xullo e o 24 de agosto, nas instalacións do Centro Príncipe Felipe. Esta iniciativa permite que nenas e nenos da provincia, nadas e nados entre 2005 e 2012 (ambos incluídos), gocen do seu tempo libre no verán participando en activi-

dades de carácter lúdico e deportivo que contribúan ao seu enriquecemento persoal.

Máis polo miúdo, o sorteo informático estableceu as nenas e nenos que participarán en cada unha das quendas. Así, a primeira comezará o 8 de xullo e rematará o 13 e as seguintes serán do 15 ao 20 de xullo, do 22 ao 27 de xullo, do 5 ao 10 de agosto, do 12 ao 17 de agosto e a última quenda será do 19 ao 24 de agosto. O resultado do sorteo está dispoñible na web

da Deputación, www.depo.gal, cun buscador dispoñible, no que as familias -a través do NIF do pai/nai/titora ou titor legal e data de nacemento da crianza- poden consultar se a nena ou neno ten praza e en que quenda ou se non ten praza e en que posición das listas de agarda se atopa. Ademais, as familias beneficiarias de praza recibirán un SMS cunha clave e identificador para acceder aos seus datos no listado e poder realizar o pagamento, ben descargando



o recibo ou ben mediante pago telemático.

Cada un dos campamentos, de seis días de duración, incorporan saídas ao medio rural, tiro con arco, actividades acuáticas e obradoiros.

Presentación da revista REM nº18

O venres 7 de xuño ás 20:30H na Biblioteca Pública Municipal de Baiona, presentarase a revista REM nº 18 (2019) do Instituto de Estudos Miñoráns.

O acto contará con colaboración musical e as intervencións de Xulián Maure Rivas, Natalia Jorge Pereira, Xilberte Manso de la Torre, Soledad García Riveiro e Antonio Soliño Troncoso, que farán unha breve presentación das súas colaboracións.

Conduce o acto María Lemos Cerqueira.

FUCO PRADO

